

# Museos e Arquivos

## Unha visita virtual á Warburg Library

*Nunca máis virei aquí. Se volvo a este labirinto, rematarei por perder o meu propio camiño. A biblioteca non é simplemente unha colección de libros senón un catálogo de problemas. O que me provocou esa impresión abafadora non foron os seus campos temáticos, senón máis ben o principio sobre cuxa base organizar a biblioteca, principio moito máis importante que a mera cantidade de disciplinas que abranguí. Nela a historia da arte, a das relixións e os mitos, a da lingüística e a cultura, non estaban situadas unha á beira da outra senón vinculadas entre si, e, á súa vez, todas estas disciplinas estaban vinculadas cunha única idea central: a supervivencia da antigüidade.*

E. Cassirer

Aby Warburg, *Grand Seigneur* dos sabios segundo Walter Benjamin, naceu en Hamburgo en 1866 e alí morreu en 1929, considerábase hamburgués de corazón e florentino de espírito. Estudou en Hamburgo, Bonn, Estrasburgo, Florencia e Berlín; especializándose en historia da arte, arqueoloxía e filoloxía clásica, e graduouse cunha tese sobre as mitoloxías de Botticelli. Os seus estudos están moi influenciados pola antropoloxía e a psicoloxía; algo que foi remarcado ao final da súa vida por unha viaxe a Novo México, sobre todo tralas experiencias místicas vividas nos rituais cos indios ao fío dos seus propios problemas psíquicos. Pasou en Italia frutíferas tempadas e as súas grandes investigacións no campo da historia da arte céntranse no Renacemento, sobre todo nas fór-

mulas patéticas ou expresivas, as cales profundou nos símbolos da ninfa e o río. As crises persoais levárono a períodos de internamento, dos que agromou como Warburg Redux.

A súa última gran fazaña foi unha viaxe final a Roma, onde profundou no proxecto Mnemosyne: un atlas visual do mundo antigo a través dos tempos. Warburg dedicou a última parte da súa vida a este proxecto inacabado: un atlas concibido como mapa visual dos enlaces da memoria figurativa na arte a través do tempo e o espazo; todo a partir do estudo da supervivencia do mundo antigo. Aínda que no fondo o seu campo de traballo é máis amplo: abrangue a circulación de enerxías, tensións, ideas e imaxes a través do tempo e o espazo así como a relación entre mentalidade primitiva e pensamento abstracto: as imaxes como elementos cruciais para a comprensión da psique á vez que depositarias da memoria individual e social. Sir E. H. Gombrich escribiu sobre a súa vida en *Aby Warburg: unha biografía intelectual*.

O amor que sentía polos libros manifestouse xa na infancia, cando se sorprendía mimando as súas coleccións. Axiña comezou a súa actividade como bibliotecario tralo seu pacto para conseguir fondos cos que adquirir todos os libros; o cal derivou nunha gran biblioteca privada que pasou a ser de uso público, ata chegar a converterse na mellor biblioteca do mundo para o estudo dos renacementos. A gran biblioteca foi enviada a Londres escapando dos nazis con mobles, maquinaria e persoal; e libros, un terzo deles non constaban no catálogo da British Library.

A imaxe de bibliotecario que nos transmiten os que o coñeceron amósanos a un maníaco que non cesaba de cambiar os libros de sitio, de buscar e atopar novos fíos entre autores e temas, que facía e refacía caxetíns, intercalaba novas fichas e reordenaba os catálogos con cada remesa de documentos acabada de chegar. Isto trasládase á súa forma de traballar, a súa obra non é unha obra compacta, pois fóra diso a súa tese o único que nos deixou son estudos soltos, aspectos dos mercados florentinos, dos mecenas romanos, dos burgueses hanseáticos: as conferencias onde amosaba os seus avances ían cambiando, pero tamén o seu *Atlas*. Nos seus estudos empregaba as imaxes para amosar as súas teorías, enchía a sala de conferencias de paneis onde insería imaxes de todo tipo para ilustrar o seu discurso.

Este xeito de traballar chega ao extremo no seu *Atlas*. Unha obra que se desprega nunha serie de paneis con todo tipo de ilustracións que amosan a supervivencia do mundo clásico ao longo da nosa historia. Todo este material vaise fundindo ata conformar o pensamento de Warburg: catálogos, libros, coleccións iconográficas, paneis e atlas, a biblioteca é o seu legado; e todo se compendia no seu sistema de clasificación: imaxe, palabra, orientación, acción. Sistema que é ademais un tipo de ordenación, pois a colocación dos libros segue estas catro estancias a través dos catro andares da biblioteca.

A biblioteca comeza coa imaxe, ascéndese desde os rudimentos da iconoloxía e do pensamento eidético, situados no primeiro andar, ao mundo da palabra, situado no segundo. Esta primacía da imaxe sobre a palabra rompe co

pensamento clásico, que deu sempre prevalencia ao texto e considera a imaxe como unha mera mostra. Pois en Warburg as imaxes, formulacións do pathos, engramas da experiencia, superan o signo lingüístico e fálannos con máis intensidade e matices.

Esta primacía é especialmente importante nun mundo como o noso, un mundo e un xeito de concibilo onde a imaxe supera á palabra, pois todo vén acompañado de iconas, emoticonas, símbolos, alegorías, carteis e todo tipo de signos lingüísticos. No terceiro andar chégase ao mundo da orientación, do



Detalle da entrada da Warburg Library en Londres.

pensamento: nacendo da imaxe e atravesando o ámbito da palabra, o home móstrase no escrito: o pensamento maniféstase en diferentes estratos, maxia, relixión, ciencia, filosofía, literatura. No último andar todo o anterior aparece desenvolvido na acción: a tendencia do home a modificar o mundo –ao que chegou desde os tres andares anteriores, tras transcender eses niveis– a través da economía, a política e os movementos sociais.


Na súa primacía da imaxe Warburg, ademais de enxergar fai máis de cen anos a realidade actual, avánzanos formulacións das novas tecnoloxías e das últimas teorías da mente: a cognición corpórea estuda esta primacía da imaxe e a robótica traballa hoxe en día con modelos baseados nas expresións visuais. Pola súa banda, no mundo de internet, a web semántica traballa cun mapa de imaxes e as súas relacións máis que cun índice de palabras e as súas asociacións. A imaxe, raíz da antigüidade e o medievo, consorte do escrito trala imprenta, recupera o seu imperio.

Vemos así como Warburg se aparece como un visionario da web de hoxe en día, pero tamén, se facemos arqueoloxía da rede, como un precursor da internet nos seus comezos. Nesos primeiros anos, falábase moito de hipertexto e hipervínculo (dicía U. Eco nos 90) como os eixes do novo coñecemento virtual, e ambos conceptos vémoslos prefigurados na súa obra. O hipertexto, a posibilidade de usar

imaxes, textos, esquemas, mapas, é a forma na que impartía o seu maxisterio, mentres que o hipervínculo amosábase nos constantes cambios aos que obrigaba ás súas manifestacións: catálogos, estantes, fichas e paneis.

O *Atlas Mnemosyne*, feito nos anos 20, amosa este novo tipo de concibir o mundo do coñecemento. Unha historia da arte concibida como historia da cultura sen texto, un novo concepto que permite apreixar unha realidade aberta. Unha enciclopedia sen textos na que ten cabida todo, onde a mutación alumea o pensamento e o movemento desencadea a invención. O *Atlas*, como as pasaxes benxaminianas, ten unha estrutura dispositiva semellante a unha páxina de Internet, cos seus variados materiais e as súas cambiantes asociacións.

En 1933, catro anos logo da morte de Warburg, o Instituto, coas súas coleccións, maquinaria e persoal, trasladouse a Londres, e foron recibidos con certa suspicacia, aínda que en 1944 foi incorporado á Universidade de Londres. O Instituto, a súa biblioteca e colección fotográfica son, máis que os seus escritos, a herdanza de Warburg.



Co crecemento das coleccións e a primeira mudanza a un edificio creado para os seus libros, xa en Hamburgo aparecera o problema da organización do material. O sistema de clasificación elixido entón aínda perdura hoxe cos seus catro conceptos reitores: Imaxe, Palabra, Orientación, Acción, do mesmo xeito que a distribución dos libros en catro andares, correspondentes cos catro conceptos reitores. A biblioteca baséase no principio de economía heurística: “o libro que un está buscando é o libro que está á beira do libro

que un vai buscar”: a gran vantaxe da organización temática reside en que obriga a situar os libros segundo o principio de boa veciñanza, onde os libros están cos seus compañeiros; e a serendipia axuda aos investigadores no seu traballo.

O sistema de clasificación da biblioteca perfeccionouse, ampliado e reorganizado en seccións, temas e subtemas por xeracións de bibliotecarios académicos. A cultura e a expresión organízase en catro apartados: I-P-O-A, o cal correspóndese coas seccións de Historia da Arte; Literatura, Bibliotecas e Educación; Relixión, Historia da Ciencia e Filosofía; Historia Social e Política. Dentro de cada sección aparecen os diversos temas e subtemas, desenvolvidos de forma cronolóxica e topográfica.

A organización detallada da biblioteca establece conexións entre diferentes campos da actividade e o estudo. Os estantes conducen os lectores aos libros que poderían non atopar doutro xeito, mentres que a disposición das seccións e temas facilita as conexións intuitivas. A organización da biblioteca demostra que Warburg a creou como instrumento de orientación ao mesmo tempo que como



Sede da Warburg Library en Londres.

un campo de problemas. O camiño vai da astroloxía á astronomía, da alquimia á química, da maxia numérica ás matemáticas, da lectura de augurios no figado á anatomía. A disposición da biblioteca ofreceulle a oportunidade de elaborar a súa filosofía do simbolismo, que se basea nunha progresión da acción ritual á orientación mental; a expresión lingüística e as imaxes visuais proveñen das orixes da cultura humana.

A historia da arte non debería ocuparse da evolución estilística en abstracto, senón de seres humanos verdadeiros, os cales, cando teñen que tomar decisións, buscan guía tanto no presente como no pasado. Esta é a orixe da biblioteca pois Warburg chegou a recoñecer que a biblioteca de traballo normal do historiador da arte era insuficiente para a realización do seu programa de investigación. A súa divisa era: “A palabra da imaxe”. Non se pode traballar sobre Botticelli sen ter o texto de Poliziano á vista e sen saber como vivían os seus mecenas. Warburg empezou a reunir sistematicamente libros de todos os eidos que puidesen iluminar estes problemas: libros xerais de psicoloxía, antropoloxía, historia da arte, filosofía da linguaxe e do mito, e bibliografía especializada sobre o Renacemento e as súas raíces na Antigüidade, a filosofía, a literatura, a artesanía. En resumo, reunía todo o que puidese contribuír á reconstrución e explicación do medio, incluída a historia relixiosa e económica; engádase a isto a historia das bibliotecas, da vestimenta e do folclore, outros aspectos da vida cotiá que os historiadores non toman en conta con frecuencia.

Warburg estivo obsesionado pola súa biblioteca ata o final dos seus días, nunha das presentacións do seu proxecto *Mnemosyne* dinos: “Extraer o elemento figurativo, na súa forza plasmadora, do estado de conservación obxectivo na

tradición e intercambialo coa imaxe evocada polo estímulo dun instante é unha maxia que revela leis de desenvolvemento descoñecidas ata agora, se se vai ao encontro dela co instrumental do nó histórico formado pola palabra, a imaxe e a acción. [...] a biblioteca expón o intento de volverse á función da memoria colectiva como a unha forza en grado de formar os estilos, asumindo como constante a antiga cultura pagá”.

Na nosa visita virtual centrarémonos naquelas páxinas que nos achegan á organización do coñecemento que desprega a biblioteca:

### **Clasificación and maps**

As categorías de IPOA constitúen as divisións principais e recollen o seu obxectivo: estudar a tenacidade dos símbolos e as imaxes na arte europea. Imaxe, 1ª planta, a persistencia de motivos e formas en linguas e literaturas occidentais; Palabra, 2ª planta, a transición gradual, no pensamento occidental, desde as crenzas máxicas da relixión á ciencia e a filosofía; Orientación, 3ª e 4ª planta, e a supervivencia e a transformación de antigos patróns nos costumes sociais e institucións políticas, Acción, 4º andar. A biblioteca comeza coa imaxe visual como a primeira etapa da conciencia, pasa despois pola linguaxe para continuar coa relixión, a ciencia e a filosofía, produtos de procura da humanidade para desenvolver a orientación, a cal inflúe nos patróns de comportamento e as accións que o home realiza na sociedade.

### **Seccións e temas**

1º. Historia da arte occidental; iconografía; a supervivencia da arte clásica e os seus temas; fontes da historia da arte; o desenvolvemento da historia da arte como disciplina; historia do coleccionismo; artes aplicadas.

2º. A supervivencia da filosofía antiga e a súa influencia no pensamento moderno; literatura italiana; Humanismo; poética, retórica; influencia de autores e formas clásicos; supervivencia de temas e lendas; manuais mitolóxicos; emblemas; as universidades; intercambio cultural pola tradución, viaxes e peregrinación.

3º. A historia da relixión; a supervivencia e influencia de antigas crenzas e as súas conexións co cristianismo e o xudaísmo; interrelacións entre o cristianismo, o xudaísmo e o Islam; a relixión cristiá; a mística xudía; a percepción do mundo islámico; historia da maxia e a ciencia, especialmente a astroloxía e a súa iconografía; alquimia; profecías e prácticas adiviñatorias.

4º. Historia e historiografía; historia cultural, especialmente a supervivencia de prácticas culturais antigas e a súa influencia na historia posterior, con especial importancia na historia do pensamento utópico e manuais que dan asesoramento político; realeza medieval; pensamento político renacentista; historia dos festivais e banquetes; dereito romano.

### **Mapas**

A páxina web ofrécenos varias ferramentas para coñecer as coleccións e para organizar o coñecemento; todo iso a partir do sistema IPOA xa descrito.


As ferramentas comezan co soado círculo que contén a primeira descrición a un nivel dos catro grandes apartados e as súas seccións principais. Daquela a web ofrécenos un mapa da biblioteca a estes dous niveis, deseñando o conxunto do edificio. Catro mapas móstrannos o sistema de ordenación en cada un dos pisos: catro mapas nos que se detalla o sistema de clasificación ao nivel máis descritivo: o piso e os seus grandes apartados, as seccións e os temas cos seus subdivisións.

### Video-guías

A páxina dá acceso a varios vídeos que nos introducen na materia de estudo.

Un primeiro vídeo ofrécenos unha introdución á biblioteca baixo o título “Unha breve descrición da Warburg Library, as súas orixes e as súas coleccións.” Outros catro vídeos móstrannos cada unha dos grandes apartados da biblioteca: IPOA. Neles se enumeran todos os temas e subtemas contidos en cada sección ilustrándonos con imaxes das baldas onde se atopan as selectas coleccións que son citadas.

Os vídeos van seguidos do índice temático de cada unha das seccións, desde onde se pode acceder aos fondos: tanto ás coleccións online de cada tema como ás coleccións propias, sexan orixinais ou material dixitalizado, mediante enlaces ao catálogo da biblioteca. En todos os apartados a biblioteca diferencia as coleccións propias dos recursos online; e desde cada subdivisión enlázase ao catálogo.



### Digital Collections

Dan acceso a libros antigos, desde incunables a descatalogados do XX, dispoñibles en liña a través do catálogo e o sistema de clasificación. Os libros foron escaneados ou ben poden descargarse desde repositorios de dominio público.

**Complete Holdings:** acceso aos títulos dixitalizados no catálogo da biblioteca. Unha etiqueta dá nos información sobre a dixitalización e o acceso ao texto do documento. Todos os fondos dixitalizados están catalogados e pódense recuperar nas procuras bibliográficas

**Special Collections:** acceso ás coleccións especiais, que nuns casos lévanos a listados bibliográficos do catálogo e noutros a folletos sobre os contidos do tema; sobresa a colección titulada “Gods and myths in the Warburg Institute”.

**Manuscripts:** a colección de manuscritos está dixitalizada e as copias en PDF están accesibles desde o catálogo.

**Thematic List:** acceso aos fondos dixitalizados a través do sistema de clasificación; enlazando en cada tema móstrannos a listaxe de materiais dixitalizados.

**Recently Digitised:** cun enfoque innovador, a biblioteca ofrece acceso ás súas novidades a través de Facebook.

**Iconographic Database:** segundo o Sistema de clasificación da colección fotográfica.

### **E-resources**

Accesibles para os lectores rexistrados a través dos ordenadores na rede do Instituto. Moitos recursos tamén están accesibles a través das páxinas da rede da Universidade de Londres. A colección online presenta estes apartados:

#### **Senate House Libraries Electronic Resources**

#### **Databases in the Warburg Institute**

**Digital Collections:** Acceso ás coleccións xa estudadas.

**Iconographic Database:** imaxes dixitalizadas da colección fotográfica. A base de datos iconográfica é un traballo en progreso e os seus fondos están sendo dixitalizados por sección. A primeira sección completa é a de manuscritos astronómicos e astrolóxicos da Idade Media e o Renacemento; e tamén a sección de Deuses e mitos.

### **Links**

Pasarela a recursos online, seguindo o esquema de clasificación, que presenta unha ampla selección de recursos de internet para cada un dos temas de cada sección. Cada un dos apartados tamén enlaza co sistema de clasificación, desde onde se accede ás coleccións propias da biblioteca.

### **Guides**

As guías en liña resaltan o carácter da biblioteca como un crisol de problemas en lugar dunha mera colección de libros. Desenvolven o seu contido piso por piso e poden servir non só como un punto de acceso a calquera persoa interesada en diversos aspectos do seu tema, senón tamén como exemplo da forma en que a clasificación é especialmente adecuada para o seguimento das traxectorias de ideas e imaxes a través de varias disciplinas, así como no tempo e o espazo.

**100 Contributors to the Warburg Institute Library:** Homenaxe aos hacedores da biblioteca, seguindo o seu esquema: un collage con grandes personaxes da arte e a historia da arte, a literatura e o pensamento, a relixión e a filosofía, a política, a maxia e a ciencia.

**Colour:** Ilustración dunha serie de conferencias sobre a cor impartidas no instituto. A biblioteca dedica varios apartados relacionados co tema da cor en áreas tan diversas como a pintura e a escultura, os traxes, a retórica, a heráldica, a alquimia, a ciencia natural, a filosofía, a psicoloxía, os festivais e a tecnoloxía.

**Laughter:** A biblioteca contén varias seccións relativas ao tema da caricatura en áreas tan variadas como a iconografía cristiá, a imaxe da morte, arte alemá e flamenco, literatura e teoría literaria, relixión, filosofía, psicoloxía, música e retórica.

**Self and self portraiture:** Á clasificación propia engádeselle un apartado da colección fotográfica e tamén do corpus de medallas.

**The Planetary Gods:** Guía dos deuses planetarios na Warburg Library: Diana, Mercurio, Marte, Venus, Apolo, Xúpiter e Saturno son coñecidos como os sete deuses planetarios pois o seu nome tamén designa aos principais planetas. Non son só as divindades de planetas, senón tamén figuras clave do panteón



grecorromano. A súa supervivencia, facilitada pola astronomía e a astroloxía, abarca unha ampla gama de actividades e disciplinas. A biblioteca está deseñada para volver sobre os moitos camiños polos que a tradición clásica transmitiuse desde finais da Antigüidade ata os tempos modernos. A guía é unha introdución á supervivencia dos deuses segundo o rexistrado por libros ilustrados dos temas da Biblioteca.

Nos anos 90, a biblioteca foi informatizada, comezando polo catálogo e pasando despois a incorporar recursos electrónicos de distinto tipo: bases de datos e revistas electrónicas, sitios web alleos, clásicos en liña e versións dixitais das súas propias coleccións bibliográficas e iconográficas; todo iso incrustado no seu sistema de clasificación. As boas calidades do sistema IPOA víronse enriquecidas polo acceso aos recursos electrónicos, pois o usuario pode navegar desde os temas ás coleccións, sexan recursos online, libros electrónicos ou bancos de imaxes; pode consultar os títulos online ou estudar a iconografía; todo o cal se exemplifica, como vimos, nas guías temáticas da biblioteca.

A nova disposición do material resulta ser de utilidade inmediata para a investigación, así como tamén para fornecer as conexións entre as obras, de acordo co que foi o obxectivo principal de Warburg: o intento de organizar o coñecemento humano. A clasificación está deseñada como un teatro da historia onde todas as fontes están dispostas en orde alfabético e cronolóxico, para obter así unha visión xeral do desenvolvemento das ideas. O obxectivo principal é proporcionar unha ferramenta de investigación que permita non só atopar textos senón tamén seguir as ideas e establecer conexións entre as mesmas.

O exponencial despregue do coñecemento, xa albiscado coa informatización, será moito máis visible no futuro. Coa entrada da realidade virtual nas bibliotecas, será posible acceder ás súas representacións en liña para percorrelas e gozar dos libros. Isto afectará á presentación dos contidos das bibliotecas: a tecnoloxía proporciona unha contorna onde o usuario pode circular e interactuar: o investigador futuro pode percorrer a biblioteca, onde representacións interactivas tridimensionais pódense utilizar para representar o coñecemento e dar acceso ás coleccións.

Para rematar, a creación destas grandes bibliotecas visuais deu lugar a unha nova disciplina, a coñecida como Humanidades dixitais. Nela as coleccións forman contido e continente; xa non só se traballa para dar acceso ás coleccións senón que tamén se utiliza a web para axudar no traballo: o acceso a grandes coleccións ben estruturadas e con todo tipo de enlaces permitirá abrir novas vías de acceso ao coñecemento, novos encontros non previstos e futuros estudos a partir de vínculos descoñecidos. Todo este labirinto é propio tamén do método de Warburg. A complexidade do seu método de detective da historia cultural en todos os seus detalles, entrelazamento



de tempos, xogo de diferenzas, retornos, anacronismos, segue algo parecido á marca incesantemente veleidosa do ir e vir das ondas sobre a beira non continua do tempo; e todas estas ondas hai que plasmalas na web.

A biblioteca móstranos o espírito e a herdanza de Warburg; pero como o sabio dicía de Deus, el tamén se oculta no detalle. Agora temos grandes lupas coas que ampliar os seus detalles

*“Sometimes it looks to mas if, in my role as a psycho-historian, I tried to diagnose the schizophrenia of Western civilization from its images in an autobiographical reflex. The ecstatic “Nympha” (manic) on the one side and the mourning river-god (depressive) on the other”.*

Aby Warburg

PEDRO INCIO

